

ASUNTO: PROVISIÓN EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2016

EXPEDIENTE:

ACTA DO TRIBUNAL DO EXERCIZO 3: 30.06.2021 PROPOSTA DEFINITIVA DE NOMEAMENTO

Membros do tribunal que asisten ao mesmo:

Presidente: Jaime Presas Beneyto, interventor do Concello de Sada

Vogais:

Titular: Manuel Roel Hernández Serrano, interventor da Deputación de Lugo

Titular: María Iglesias Nuño, interventora do Concello de Betanzos

Titular: Mónica María Insua Caamaño, xefa de Sección de Ruínas do Concello da Coruña

Titular: Marcial Rodríguez Toajas, interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña

Secretario Titular: Adrián Juan Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos

O Decreto da Alcaldía núm. 490/2020, do 9 de marzo aprobou a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral Subescala De Xestión (grupo A subgrupo A2 de clasificación), e convocouse á constitución do tribunal e ás persoas aspirantes para a realización do 1º exercicio o día 27-3-2020. (BOP núm.50, do 13-3-2020)

Polo Decreto da Alcaldía núm.566/2020, do 16 de marzo, ante a situación derivada da declaración de pandemia do "Coronavirus"; e en consecuencia a declaración do Estado de Alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; foi adiada a constitución do tribunal e a celebración do 1º exercicio, ata que se ditase unha nova resolución que determinase unha nova data de constitución do tribunal e de convocatoria de celebración do 1º exercicio (BOP núm. 54, 24-3-2020).

O 23 de febreiro do 2021 a alcaldía ditou o Decreto 400/20201 no que modifica a composición do tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral Subescala De Xestión (grupo A subgrupo A2 de clasificación) correspondente á Oferta de Emprego Público para 2016. Neste decreto acórdase á vez, o seguinte: *A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o martes, día 23 de marzo de 2021, ás 9.00h no Edificio municipal de uso administrativo, situado na Avda. da Mariña núm.25 de Sada.*

Convocar ás persoas aspirantes para a celebración do primeiro exercicio que terá lugar o día 23 de marzo de 2021 ás 12.00 horas no salón de actos da Casa da Cultura municipal "Pintor Lloréns", situada na Avda. do Porto s/n de Sada. As persoas aspirantes acudirán provistas do seu DNI.

É obxecto desta convocatoria a provisión en propiedade, polo sistema de oposición, dunha praza de funcionario de carreira da Escala de Administración Xeral, Subescala de xestión, pertencente ao Grupo A, subgrupo A2, vacante no Cadro de Persoal e incluída na Oferta de Emprego Público de 2016 (BOP núm. 148, do 5-8-2016) adscrita aos Servizos Económicos municipais.

En data 23 de marzo de 2021 ás 12:00 horas o tribunal realizou o chamamento e a posterior corrección para a realización do primeiro exercicio.

O segundo exercicio realizouse o 23.04.2021.o tribunal acordou que a lectura fose realizada o 19.04.2021, por orde alfabético, de acordo ao que estipulan as bases, logo da lectura dos exames, e unha vez corrixido o exame), os asistentes e a súa nota son as seguintes:

| ASPIRANTE | DNI | ASISTE AO EXAME | ASISTE Á LECTURA | NOTA 2º EXERCIZO |
|--------------------------|--------------|-----------------|------------------|-------------------------|
| Bermúdez González, Pilar | ** 410 55* * | SI | SI | NON APTO/A |
| García Seoane, José Luis | ** 918 05* * | SI | NON | NON APTO/A Exame non |

| | | | | |
|-------------------------------|--------------|----|-----|---------------------------------------|
| | | | | presentado |
| Gómez Ferreiro, María Elisa | ** 818 84* * | SI | SI | 5,58 |
| González Rodríguez, Yolanda | ** 800 87* * | SI | SI | 5 |
| Roca Vázquez, María | ** 546 09* * | SI | NON | NON APTO/A Exame non presentado |
| Sánchez-Andrade Saavedra, Ana | ** 906 35* * | SI | NON | NON APTO/A Exame non presentado |
| Viqueira Fernández, Fernando | ** 369 32* * | SI | SI | 5,75 |

Antes da realización deste exercizo o tribunal reuniuse previamente, en sesión telemática o día de 3 de maio de 2021 para preparar a proba práctica a presentar e os criterios de corrección.

A Continuación o tribunal discute diversas posibilidades de exame, de acordo cos criterios establecidos na base sétima das bases da convocatoria:

Terceiro exercicio.–Desenvolverase por escrito durante un período máximo de catro horas, e pode consistir na:

1. Redacción de un ou varios informes con proposta de resolución
2. Resolución do suposto ou supostos prácticos.

Os cales determinará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionado coas funcións propias da Subescala e o contido do temario anexo.

Para o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán facer uso dos textos legislativos e máquinas de calcular non programables nin financeiras dos que acudan provistos, agás textos comentados, libros de formularios ou formatos dixitais.

Valorarase a formación xeral, a correcta redacción, a capacidade de raciocinio e de análise, e a correcta aplicación dos coñecementos teóricos á resolución de problemas prácticos.

O terceiro exercizo para os aspirantes que aprobaron o segundo exercizo realizouse o **5 de maio de 2021 ás 10:00 horas** na o Salón de Plenos da Casa Consistorial, situada na Avda. do Porto 24.

A este exame presentáronse os tres aspirantes que aprobaron o segundo exercizo e tivo unha duración de catro horas, de 10:12 a 14:12:

| | |
|------------------------------|--------------|
| Gómez Ferreiro, María Elisa | ** 818 84* * |
| González Rodríguez, Yolanda | ** 800 87* * |
| Viqueira Fernández, Fernando | ** 369 32* * |

No desenrolo deste exercizo o tribunal garantiu o anonimato mediante un código que se achegou antes da realización da proba a cada aspirante e que está custodiado en sobre pechado. Abrirase ante o secretario do tribunal logo da corrección desta última proba.

O secretario do tribunal explicou a puntuación que se daría a cada posto así como os criterios xenéricos de corrección. Puntuación total:

1º e 2º Exercicio: 2,5, 3º Exercicio: 2,00. O resto: -1,00.

O tribunal acordou escanear os exames e repartilos entre os membros do tribunal para avanzar na corrección, que se fará coa media das notas establecidas por cada membro do tribunal e que se realizará en sesión telemática o vindeiro luns 24 de maio de 2021 ás 10:00.

O día 24.05.2021 O tribunal corrixe os exames, coas seguintes puntuacións:

| ASPIRANTE | NOTA |
|-----------|----------|
| 166 | 5,02 |
| 158 | 5 |
| 174 | NON APTO |

O día 31.05.2021 o secretario do tribunal e o Presidente proceden á apertura das plicas:

| | |
|-----|------------------------------|
| 166 | González Rodríguez, Yolanda |
| 174 | Viqueira Fernández, Fernando |
| 158 | Gómez Ferreiro, María Elisa |

O tribunal, de acordo coa apertura das plicas, acordou que o resultado do terceiro exame sexa o seguinte:

| | |
|------------------------------|----------|
| Gómez Ferreiro, María Elisa | 5,00 |
| González Rodríguez, Yolanda | 5,02 |
| Viqueira Fernández, Fernando | Non apto |

Debido a que todas as aprobadas se atopan en posesión da titulación do CELGA 4, acórdase a súa non realización.

Polo tanto, o resultado final é o seguinte:

| ASPIRANTE | PROBA 1 | PROBA 2 | PROBA 3 | TOTAL |
|------------------------------|---------|---------|----------|----------|
| Gómez Ferreiro, María Elisa | 7,64 | 5,58 | 5,00 | 18,22 |
| González Rodríguez, Yolanda | 6,46 | 5 | 5,02 | 16,48 |
| Viqueira Fernández, Fernando | 6,10 | 5,75 | Non apto | Non apto |

De acordo á puntuación indicada a proposta provisional do tribunal para o nomeamento foi para a aspirante:

GÓMEZ FERREIRO, MARÍA ELISA

Establécese un prazo de dez días hábiles para que se formulasen as reclamacións e emendas que se estimasen respecto da valoración. Publicándose anuncio na sede municipal o 02.06.21 non se presentaron reclamacións no dito prazo.

Á vista de canto antecede o tribunal acorda elevar a definitiva a proposta de nomeamento para a praza de técnico de xestión correspondente á oferta de emprego público do ano 2016 para:

GÓMEZ FERREIRO, MARÍA ELISA

Nos termos previstos na base novena a aspirante seleccionada deberá presentar a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na Base 2ª no prazo de VINTE días naturais a contar desde o seguinte ao de publicación da relación de aprobados.

De acordo coa base oitava establécese relación dos aspirantes que, tendo superado todos os exercicios da oposición, non fosen propostos inicialmente para o seu nomeamento, co fin de poder ser nomeados en caso de renuncia do nomeado ou imposibilidade de nomeamento:

| ASPIRANTE | n.º de orde |
|-----------------------------|-------------|
| González Rodríguez, Yolanda | Primeira |

O que se asina aos efectos oportunos

Sada, 30.06.2021

O secretario do Tribunal
Adrián J Márquez Caramés

O Presidente
Jaime Presas Beneyto

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE